



Concello de Lugo

ORZAMENTOS XERAIS DO CONCELLO DE LUGO 2026

MEMORIA DA ALCALDÍA



MURALLA
patrimonio da humanidade



Concello de Lugo

MEMORIA DE ALCALDÍA

PROXECTO DE ORZAMENTOS XERAIS

ANO 2026

CONTEXTO HISTÓRICO

O Proxecto de Orzamentos que se presentan para 2026 é o terceiro deste mandato resultante das eleccións locais que se celebraron o 28 de maio de 2023, e o primeiro no que, tras o Pleno de investidura do día 11 de marzo de 2025, se outorgou a confianza a Miguel Fernández Méndez como Alcalde-Presidente do Concello de Lugo, tras o desgraciado pasamento de dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

Dada a responsabilidade que supón a formulación e presentación dun Proxecto de Orzamentos co máximo rigor técnico, con respecto escrupuloso á lexislación vixente e que, dende un punto de vista social e económico, sirva para ordenar e priorizar as políticas públicas que proporcionen bens e servizos dende o prisma progresista da equidade social, permitindo redistribuír de maneira eficaz e eficiente os recursos públicos e facendo fincapé, como non podía ser doutra maneira, na poboación máis vulnerable, é necesario analizar o contexto económico a nivel mundial, autonómico e local que permitan situar a estrutura e coxuntura económica actual e futura e coadxuven á elaboración e formulación dos Orzamentos que agora se presentan.



Concello de Lugo

O orzamento de 2026 formúlase nun contexto de moderación inflacionista, recuperación progresiva da actividade económica e continuidade de proxectos estratéxicos financiados con recursos propios e transferencias doutras administracións.

Dende o punto de vista internacional, elabórase nunha contorna caracterizada por un crecemento económico moderado, con avances desiguais entre rexións, cunha actividade global máis estable que en anos anteriores pero aínda sensible a tensións xeopolíticas e comerciais e unha normalización gradual da inflación grazas ao descenso dos prezos enerxéticos e á recuperación das cadeas loxísticas. Os organismos internacionais (OCDE, FMI, Banco Mundial) anticipan un crecemento suave, con tendencia á estabilización tras os episodios de elevada inflación de 2021-2023

Os principais bancos centrais manteñen políticas monetarias máis estables, con tipos de xuro que empezan a descender gradualmente desde os niveis máximos de 2023-2024, o que favorece o financiamento público e privado, pero aínda nun escenario de cautela. Como en anos previos, segue a manterse a prioridade global en investimentos verdes, dixitalización e infraestruturas resilientes, o que condiciona a dispoñibilidade de programas de financiamento supranacional.

Este escenario internacional descrito reduce a incerteza respecto a exercicios precedentes, aínda que se manteñen riscos derivados das coñecidas tensións xeopolíticas (Ucráina, Venezuela, Groenlandia ...).

Pola súa banda, España mantén un ritmo de crecemento lixeiramente superior á media da UE, impulsado polo turismo, o investimento empresarial e a continuidade dos fondos europeos (Next Generation EU). Prevese unha redución progresiva da inflación, especialmente en enerxía e alimentación, permitindo unha mellora lenta do poder adquisitivo. Os tipos de xuro comezan a moderarse, reducindo tensións no financiamento público e no investimento empresarial.

A política fiscal do Estado persegue a consolidación financeira, pero mantén liñas de apoio a investimentos municipais estratéxicos: mobilidade sostible, eficiencia enerxética, rexeneración urbana, dixitalización e políticas sociais. As regras fiscais europeas volven progresivamente ao seu funcionamento ordinario, aínda que con criterios de flexibilidade que permiten investimentos financiados con recursos finalistas.

O goberno mantén liñas de apoio para proxectos locais vinculados a mobilidade sostible, eficiencia enerxética, rexeneración urbana e dixitalización de servizos

Para Galicia tamén se prevé un crecemento económico estable, con resistencia de sectores chave como a automoción, a loxística, a agroindustria e as enerxías renovables. A Xunta de Galicia mantén investimentos estratéxicos en infraestruturas, transición enerxética, modernización de servizos públicos e apoio á industria

Analizado o contexto económico internacional e nacional, descendemos agora a un nivel local, no que cobra especial relevancia, por ser determinante para a formulación das previsións de ingresos, a dotación económica procedente das entregas a conta da PIE por parte do Estado no exercicio 2026, así como a previsión da liquidación de 2024, que amosa ser optimista segundo as expectativas que chegan do goberno do estado, vía o avance das estimacións comunicadas a través da Oficina virtual de coordinación financeira coas entidades locais (<https://www.hacienda.gob.es/sgfal/oficina%20virtual%20entidades%20locales/nota-evolucion-financiacion-eell.pdf>)

Isto, xunto coa actualización de certas tarifas e figuras tributarias que tivo lugar a finais de 2024, e os datos agora consolidados do seu alcance, así como a continuidade do plan de inspección municipal que vai revertendo de modo paulatino de xeito positivo na recadación de maiores ingresos para o Concello de Lugo, permítenos presentar un Proxecto de Orzamentos municipal que se atopa entre os máis altos da súa historia.



Concello de Lugo

CONTIDO DO ORZAMENTO

O Proxecto de Orzamentos xerais para 2026 preséntase equilibrado, cunha previsión no estado de ingresos e gastos de 131.946.261,91 €.

Os orzamentos para o 2026 son o instrumento fundamental para dar resposta aos novos retos aos que se enfrenta a cidade nos vindeiros meses e para poder seguir prestando con calidade os servizos públicos que demanda a nosa cidadanía. Son a ferramenta na que se evidencian as decisións políticas que precisan de cobertura económica, do mesmo xeito que reflexan as necesidades actuais como cidade e os novos obxectivos que se marca este goberno, elaborados con responsabilidade, pero tamén con ilusión e ambición, para estar a altura do crecemento económico e social que está a enorgullecernos como cidade.

Este documento de xestión asigna os recursos precisos para a execución das liñas estratéxicas e das actuacións prioritarias mantidas por este goberno desde o inicio do mandato, para facer efectivo o modelo de cidade que compartimos: un Lugo cohesionado, dinámico, con servizos de calidade, que protexe as familias, que impulsa a actividade económica local, impulsado por unha transformación urbana que continuará nos vindeiros meses.

A elaboración deste orzamento municipal está baseada nos principios que rixen as políticas públicas deste Concello e continúa co proxecto de transformación da cidade no que se leva traballando desde hai anos, sempre baixo as premisas da cohesión social e económica. E todo isto mantendo unha presión fiscal sobre a cidadanía contida dentro das marxes que nos permite a estabilidade orzamentaria. Esta contención fiscal é a que orixina a necesidade de recorrer ao endebedamento externo para facer fronte aos investimentos aos que a cidade non pode nin debe renunciar.

Este 2026 debe ser o mandato do progreso e da consolidación. Lugo é unha cidade atractiva, chea de vida e de oportunidades, respectuosa co medio ambiente, mellor conectada, máis segura, igualitaria e con servizos públicos fortes e eficientes. E para seguir mellorando e avanzando no Lugo do futuro son precisos uns orzamentos que permitan desenvolver os obxectivos marcados para este 2026, seguindo cunha correcta e rigurosa xestión dos recursos públicos.

Polo que son unhas contas ambiciosas, coas que se pretende concluír proxectos xa iniciados, pero tamén asumir novas actuacións que marcarán un antes e un despois para a nosa cidade, sen esquecer o necesario incremento do gasto en bens e servizos para dar cobertura á suba de prezos, sen que se vexa afectada a calidade dos mesmos, e aos compromisos que en materia de persoal asume este goberno para o vindeiro ano.

Tendo en conta todo o anterior, preséntanse os orzamentos máis elevados da historia deste Concello, nunha aposta firme e decidida deste goberno por seguir prestando servizos de calidade, a pesar de non contar cos apoios económicos autonómicos suficientes, sen repercutir este incremento na presión fiscal da cidadanía.

Para 2026, mantense o compromiso de atender necesidades e demandas das familias e empresas con recursos para a prestación de servizos públicos como poden ser as escolas infantís, a axuda no fogar e xantar na casa, as actividades culturais e deportivas, o transporte urbano, as axudas sociais, como as de emerxencia, e o inicio do programa municipal de vivenda, co que se pretende contribuír a paliar o problema existente que afecta, sobre todo, aos máis novos e á poboación máis vulnerable.

Estes orzamentos reforzan o sistema de protección social, ofrecendo respostas personalizadas e comunitarias co obxectivo de poñer á cidadanía no centro de cada actuación.



Concello de Lugo

O incremento deste orzamento ven influído de xeito particular polos investimentos que asume este goberno para o vindeiro ano. Investimentos en novos proxectos como a colaboración na reforma da protectora de plantas e animais, as actuacións da estratexia Lugo Norte, a presentación á convocatoria do 2% cultural para a rehabilitación do Cuartel de San Fernando, instalacións deportivas e parques infantís ou un novo aparcadoiro no Polígono de O Ceao, sen esquecer a mellora e o mantemento das infraestruturas urbanas e rurais. Investimentos que, sen dúbida, serán un punto de inflexión no futuro da nosa cidade

A elaboración do Orzamento de ingresos se ten realizado tendo en conta as previsións de recoñecementos de dereitos e de recadación, sempre baixo a consideración do principio de prudencia orzamentaria. Un firme compromiso do equipo de goberno é que os nosos cidadáns vexan aliviada a súa presión fiscal, ao igual que os nosos empresarios e autónomos para contribuír no eido das nosas competencias ao mantemento do emprego e do noso sector produtivo. Este Concello ten como obxectivo manter os servizos sen incrementar, sempre que sexa posible, a carga tributaria, polo que estes orzamentos se sustentan no principio de estabilidade dos ingresos e nunha política fiscal moderada, mantendo, para este ano 2026, as taxas e impostos municipais sen aplicar a actualización ao IPC, que asume o propio Concello. Con isto, este goberno municipal reforza o seu compromiso coa contención da carga fiscal que soportan cidadáns, autónomos e empresas, favorecendo, así, a dinamización da actividade económica local

Para finalizar, indicar que o Orzamento Xeral do Concello de Lugo contempla a información integrada e sistematizada das magnitudes e aplicacións orzamentarias, tanto do propio Concello como da súa entidade mercantil dependente, tendo como meta a realización da visión de cidade deste equipo de Goberno Municipal, que ten como liñas estratéxicas e prioritarias:

- A defensa dos dereitos sociais, a equidade, a diversidade e a integración real, cun gasto social destinado á protección de quen máis o necesita.



- A protección do medio ambiente e a aposta por unha nova mobilidade, na que a a persoa é protagonista, co obxectivo de por en marcha políticas contra a emerxencia climática a contaminación, para acadar unha cidade máis sostible, resilente e á vangarda,

- O apoio á actividade económica, como motor do emprendemento, ocupación de calidade, economía verde e circular, fomentando o asentamento e consolidación empresarial e a diversificación industrial como foco de atracción e retención do talento na procura de atender, tamén, ao reto demográfico, facendo de Lugo unha cidade para traballar e tamén, para vivir

- O dereito á vivenda, impulsando un plan municipal, que contemple a rehabilitación e o acceso a unha vivenda digna, e a rexeneración urbana nos barrios, apostando por espazos públicos que impulsen a convivencia interxeracional e a participación e implicación activa de todos os perfís poboacional.

- A aposta pola educación, a cultura, o deporte, a ciencia e a innovación, non só como piares básicos do Estado do Benestar, senón tamén pola promoción dos seus valores identitarios sendo, ademais, excelentes ferramentas para o impulso dun lecer alternativo, que fomente un modelo de vida saudable apoiado na amplitude de recursos e potencialidades do patrimonio natural, artístico, histórico e paisaxístico local que posuímos.



Concello de Lugo

Análise da variación do Proxecto presentado con respecto a 2025

O total de gastos do Concello (capítulos 1 a 9) relativos ao Proxecto de Orzamento 2026, aumenta nun 8,94% en relación aos créditos iniciais do Orzamento 2025.

No Proxecto de Orzamento 2026 os gastos non financeiros totais consolidados do ámbito de Administración Pública do Concello de Lugo son de 131.946.261,91 euros, un 11,61 % superior en comparación cos créditos definitivos da mesma tipoloxía do Orzamento inicial 2025. Os gastos correntes sitúanse en 111.987.867,48 euros (incluíndo o fondo de continxencia), un 3,45 % superiores ao 2025. Os gastos de capital e as transferencias de capital cífranse en 19.358.394,43 euros, incrementándose notablemente con respecto ao exercizo 2025, ao recoller, ademais do investimento que podemos definir como ordinario, pero aínda así imprescindible para o funcionamento dos servizos básicos da cidade, outro específico para finalidades tan importantes como o museo da romanización, aparcadoiro no Ceao ou a achega municipal á estratexia LUGONORTE, financiada pola Unión Europea. O crecemento destes capítulos é do 94,15% respecto do Orzamento do exercicio anterior.

O total de ingresos do Concello (capítulos 1 a 9) relativo ao Proxecto de Orzamento 2026, aumenta nun 8,94%, en relación ás previsións iniciais do Orzamento 2025.

O volume previsto de ingresos non financeiros é de 113.676.282,91 euros, dos cales 113.126.282,91 son ingresos correntes e 550.000,00 son ingresos de capital. Os ingresos non financeiros do 2026 aumentan nun 1,35 % en relación ás previsións iniciais do 2025, grazas aos axustes nas figuras impositivas e tributarias realizado a finais do 2024, que permite achegarse un pouco máis ao autofinanciamento dos servizos esixido pola normativa.

O volume de endebedamento previsto para esta anualidade para o financiamento de investimentos, 17.858.000,00 euros, móstrase ambicioso en relación co exercicio precedente (8.860.000,00 euros) e incluso con respecto ao ano 2024 (13.500.000,00 euros), supoñendo o 13,53 % do Orzamento de ingresos do Concello de Lugo.

Como se aprecia, o Orzamento Municipal para o 2026 é un documento que claramente mantén a vontade expansiva do exercicio precedente, cun aumento do gasto corrente que case alcanza os catro millóns de euros coa finalidade de atender axeitadamente ás necesidades do municipio e ampliar a cobertura das diferentes prestacións, tratando de suplir con este esforzo a carencia de recursos autonómicos que resultan necesarios para manter servizos esenciais como, por exemplo, os comedores escolares ou a Axuda no Fogar (competencia exclusiva da Administración galega) e á suba dos prezos que se ven comprobando nos últimos anos que afecta á prestación dos servizos municipais. Impleméntase, así mesmo, un alto nivel do investimento necesario para facer fronte aos retos que encara a cidade, pero sen renunciar a consolidar o incremento dos gastos de anos anteriores destinados ao desempeño das políticas sociais, prioritarias neste Concello, para o fortalecemento dunha rede asistencial que abonde na consecución do modelo de cidade 8 - 80 na que Lugo leva tanto anos traballando.

Os criterios de priorización en canto á asignación de recursos orzamentarios no Concello de Lugo veñen marcados polas orientacións que determinan o equipo de Goberno municipal, os eixos estratéxicos preferentes, os diferentes obxectivos que se queren cumprir, as actuacións dirixidas ao desempeño dos mesmos e, por suposto, a cidadanía en xeral, a través das achegas que fan chegar desde distintos eidos para ser tidas en conta nas contas municipais.

O sistema de prioridades empregado na elaboración do plan é o propio do equipo de Goberno e o seu compromiso co desenvolvemento sustentable, a igualdade, o dereito á vivenda, a loita contra a emerxencia climática e o apoio e fomento da innovación, prioridades que



Concello de Lugo

se plasman en programas concretos do Orzamento pero, tamén, de forma transversal en moitas intervencións que se realizan en calquera das áreas municipais, mesmo en ámbitos de actuación que, en principio, están dirixidos a outros obxectivos moi diferentes. Así, dentro de programas destinados a proporcionar un determinado servizo á cidadanía poden levarse a cabo accións que contribúen, por exemplo, á protección do medio ambiente ou á igualdade de xénero. Unha análise transversal dos Orzamentos desde o punto de vista de cada unha das materias capitais para o Concello amósao como unha ferramenta moi útil para valorar os esforzos da administración ao resolver as problemáticas especialmente sensibles para asignar máis recursos e, incluso, para sensibilizar a toda a estrutura municipal, coa finalidade de promover iniciativas adecuadas dentro das diversas competencias.

Co obxectivo de acelerar o proceso de transformación da cidade e aproveitar con eficacia as oportunidades que ofrecen as liñas de financiamento supramunicipal, especialmente as procedentes de fondos europeos e doutros programas de cooperación institucional, o Orzamento Xeral para 2026 contempla a consignación de operacións de crédito orientadas prioritariamente ao capítulo de investimentos. Esta decisión responde a unha estratexia financeira responsable e planificada, que permite anticipar recursos municipais para executar actuacións de carácter estruturante cun elevado efecto tractor sobre a economía local, facilitando a captación de fondos externos e multiplicando o impacto do investimento público inicial. Proxectos como o desenvolvemento do ámbito Novo Norte, no marco do Programa EDIL, ou a eventual obtención de financiamento supramunicipal para a conversión do antigo Cuartel de San Fernando no Museo da Romanización, exemplifican a necesidade de contar con capacidade financeira suficiente para actuar con axilidade, cumprir prazos e asegurar a execución de investimentos con retornos económicos e sociais sostidos no tempo, tanto en termos de actividade económica, emprego e dinamización urbana, como de incremento da atracción de visitantes, investimento privado e base fiscal municipal. Desde unha perspectiva económica, o recurso ao crédito configúrase como unha ferramenta adecuada para estimular o crecemento local, mellorar a



MURALLA
patrimonio da humanidade

competitividade da cidade e reforzar a súa posición estratéxica, ao tempo que se consolida un modelo de cidade máis sostible, cohesionada e resiliente. Trátase, en todo caso, dun uso prudente, planificado e plenamente compatible coa estabilidade orzamentaria, que permite concentrar un esforzo inversor relevante en proxectos transformadores sen comprometer o equilibrio financeiro nin a capacidade futura de prestación de servizos públicos

Por outra banda, as contas previstas para o 2026 contemplan o investimento na renovación de infraestruturas tan fundamentais como son as redes de abastecemento e saneamento, a reforma do refuxio de animais adaptado ás necesidades actuais do municipio, un novo aparcadoiro do Polígono de O Ceao, na propia subministración de servizos e na protección do patrimonio en todo o ámbito, ao tempo que se impulsará o incremento da conectividade dos diferentes barrios e parroquias a través da mellora dos accesos e da rede viaria municipal.

Así pois, o gasto e investimento municipais para o 2026 incrementan substancialmente as cifras do exercicio anterior. Son uns orzamentos sociais, económicos e sostibles, que combinan alivio fiscal, investimento e apoio ás persoas, co propósito de seguir traballando no futuro dun Lugo máis dinámico, competitivo, que aposta polo crecemento económico e o fortalecemento da protección social. Trátase dun orzamento realista, co que seguir mellorando o benestar, a igualdade de oportunidades e a mellora da calidade de vida da cidadanía, sen deixar de mirar cara o futuro con ambición.

O alcalde, Miguel Fernández Méndez
Asinado dixitalmente na data que figura na marxe